Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



Begoña González de Prado

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Begoña González de Prado

Cada mañá comezo o día do mesmo xeito.

Saúdo o equipo, collo un café quente
e fago a lista das tarefas.
Gústame organizarme así.

A ciencia non é algo afastado.
Faise pouco a pouco, no día a día,
e sempre en equipo.

De pequena, gustábame xogar,
tocar todo e facer moitas preguntas.
Quería saber como funcionaban as cousas.

Naquel momento
nunca pensei que sería investigadora.

Esa idea nin sequera me pasaba pola cabeza.

Na miña carreira investigadora descubrín que a química non serve só para facer experimentos.Tamén serve para resolver problemas reais.

Empecei a traballar con líquidos especiais que poden separar substancias de forma máis limpa.

Tamén serven para tratar residuos industriais.

Eu quería usar a enxeñaría química para coidar o medio natural. Por iso, traballei no **tratamento de augas residuais** e tamén na recuperación de substancias valiosas.

Tratamento de augas residuais

Proceso de limpar a auga que xa foi usada nas casas, fábricas ou rúas.

Que son as augas residuais?

Son augas sucias que veñen de:

- Duchas e baños
- Cociñas e lavadoras
- Industrias
- Chuvia que arrastra lixo das rúas

Para que serve o tratamento?

Serve para:

- Quitar a sucidade e os xermes
- Protexer a saúde das persoas
- Coidar ríos, mares e a natureza



Desde o ano 2018, centro o meu traballo no sector téxtil.

O obxectivo é **reutilizar** materiais e reducir o impacto da moda no medio ambiente.

No meu traballo busco formas máis limpas e seguras de usar a química.

Creo novos líquidos feitos con substancias naturais. Estes poden substituír produtos perigosos.

Con eles podemos:

- limpar augas residuais
- eliminar tinguiduras ou pesticidas
- dar unha segunda vida á roupa e aos restos de alimentos

Reutilizar

Conxunto de moitos puntos pequenos, unha forma de representar información con puntos nun espazo.

Cada punto ten unha posición, como nun mapa.
Xuntos, todos os puntos forman unha figura ou un obxecto.

Exemplos sinxelos:

Un escáner 3D usa nubes de puntos para crear a forma dunha casa.

Para entendelo mellor:

Imaxina que fas moitas fotos dun obxecto e marcas puntos importantes. Se xuntas todos eses puntos, poderías ver a forma do obxecto.

En resumo:

Unha nube de puntos é un grupo de puntos que, xuntos, axudan a ver ou medir algo.

En resumo, usamos a química para: contaminar menos, reutilizar máis e protexer o planeta.

Así, as industrias poden ser máis **respectuosas co medio**.



Respectar o medio
significa coidar a natureza e non facerlle dano.

Que é o medio?
O medio é todo o que nos rodea: Aire, auga, terra, plantas ou animais.

Que significa respectalo?
Significa:
Non tirar lixo no chan nin na auga
Non contaminar o aire
Coidar plantas e animais
Usar só o que necesitamos

En resumo:
Respectar o medio é coidar a natureza para vivir mellor hoxe e no futuro.



Nada disto sería posible sen o
traballo en equipo.

A **colaboración** é fundamental na ciencia.
A investigación faise xuntas e xuntos.

É importante organizarse,
ter apoio e aceptar que
non sempre se pode facer todo.

Hai unha frase que
sempre me acompaña:

"O mellor da ciencia é que sempre podes
aprender dos erros."

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN